

# **MANIFESTO EN DEFENSA DAS COVAS DE DONA URRACA (MINAS) COMO ESPAZO PÚBLICO PARA DIVERSAS ACTIVIDADES (EXPOSICIÓN, ACTUACIÓN ETC.)”**

Se hai algún espazo representativo en Salvaterra que poida unir a varias xeracións, creo que todos e todas estaremos de acordo en falar das Covas de Dona Urraca. Os que naceron na década dos 40 e incluso antes recordan facer vodas, xuntanzas, comidas de fútbol, festas do viño ou incluso a reunión das comisións de festas de Salvaterra. Aqueles que naceron a comezos dos 80 recordaran pasar parte da súa xuventude neste edificio.

As Covas de Dona Urraca, tamén coñecidas popularmente como *Minas* sempre foron un espazo de uso colectivo, de encontro, pero sobre todo, de veciñanza. Un espazo de apertura cultural, sempre ollando para o Miño.

Se xuntásemos tódalas fotos que hai nas casas da vila con recordos deste lugar, encheríamos as Covas.. Se tivéssemos que escribir a lista de músicos, poetas, xornalistas, políticos, fotógrafos, escritores ou incluso deportistas que pasaron, tamén encheríamos as Covas.

Entendemos que esa forma de usar o inmovible foi, e segue a ser moi produtiva, e fai que se viva un espazo con valor patrimonial por parte de toda a veciñanza.

O Concello pretende agora realizar un Museo do Viño na parte de abaixo das Minas, algo que non estaba previsto e que eles mesmos nunca o contemplaran. **Esta musealización non permitirá ningunha outra actividade cultural, vodas, exposicións, representacións etc**, este novo proxecto feito case *in extremis* terán un custe de 239.414,29 €. Tampouco queda claro si se irá ocupando tamén a planta superior. Hai que recordar que o concello de Salvaterra xa recibira fondos europeos FEDER por valor de 199.761,07 € que utilizou na Casa do Conde co título Museo - Exposición Casa do Viño e que nunca se puxo en uso, nin existe, que se saiba, ningún plan para él.

**Non se trata, pois, de opoñerse á construción dun Museo do Viño**, e menos nesta terra, ninguén se opuxo cando se anunciou que tería lugar na Casa do Conde -o anuncio fíxose durante anos, incluso fai uns meses-, pero un Goberno non pode da noite para a mañá, -como foi neste caso-, anunciar que tódolos edificios das murallas van a pasar a un único uso sen posibilidade de seguir sendo desfrutados polo restos dos veciños e veciñas. Deste proxecto si temos constancia pola prensa, e ten proxecto do arquitecto José Antonio Martín Curty .

**Por todo isto denunciámos:**

- 1. Que as Minas de Dona Urraca deberían continuar a ser un espazo polivalente que as achegue máis á cidadanía.**
- 2. Que xa existe un espazo, como é a Casa do Conde, destinada a este uso dentro do recinto amurallado pola que xa recibiron fondos europeos FEDER e que está sen ningún tipo de actividade.**
- 3. Que non se ocupen tódalas plantas das Minas de Dona Urraca que evitaría a realización de actividades por parte dos veciños e veciñas, asociacións culturais, como poden ser concertos, exposicións, vodas, etc.**